

NINA E O SEGREDO DO OURIZO

1230

Jean-Loup Felicioli / Alain Gagnol, 2023

ESTREA EN NUMAX: 27.01.2024 | V.E. | +6 | 78 min

A Nina gústalle ir durmir escoitando as historias que lle conta o seu pai, as dun ourizo que descobre o mundo. Unha noite, o seu pai, preocupado polo traballo, non segue o ritual e non lle conta unha nova aventura... Afortunadamente, o seu mellor amigo Mehdi está alí para axudala a atopar unha solución: que pasaría se o tesouro escondido na antiga fábrica puidese resolver todos os seus problemas?

«Un thriller infantil ambientado nun transfondo de loita social que chega ao corazón»

Stéphane Dreyfus, LA CROIX



Entrevista con Jean-Loup Felicioli e Alain Gagnol “Non por dirixirnos a un público infantil e mozo facemos un cinema inferior”

Volvestes a escribir unha historia de detectives para nenos e nenas. Cales son os elementos máis orixinais do guion? Alain Gagnol [AG]: Volvo ao xénero negro a miúdo porque pon ao público no centro da acción, sobre todo nas escenas de suspense. Ten un punto lúdico que permite falar sobre temas serios desde certa distancia.

Este é un xénero habitual nos vosos filmes, cal é o motivo? AG: O meu interese polas historias de detectives espertou grazas ao cinema estadounidense, sobre todo coas películas de cinema negro de Billy Wilder, Raoul Walsh e directores máis modernos como Martin Scorsese, William Friedkin e Michael Mann, entre outros. Tamén foi grazas á literatura estadounidense, con autores como Raymond Chandler, James M. Cain, Donald Westlake, Dennis Lehane e moitos outros. A miña primeira novela, *M'sieur*, publicouse en *Série Noire*, polo que se podería dicir que sempre gravitei cara a este xénero.

Jean-Loup Felicioli [JLF] Somos grandes lectores de novela negra, por tanto, é natural que nos guste lanzarnos a traballar este xénero.

Como desenvolvestes a psicoloxía dos personaxes do filme? AG: Con Nina e Mehdi quería crear dous personaxes novos con personalidades moi diferentes que se complementasen. Para Nina, Mehdi é o seu mellor amigo, pero iso ás veces pode chegar a sacala dos seus cabais porque ela é unha persoa con moito empuxe. Mehdi é tranquilo e pode chegar a ser, mesmo, un pouco brando. Sempre o reflexiona todo moito antes de facer calquera cousa ata tal punto que ás veces non fai nada. Pero nada é máis sólido que a súa amizade. Nina depende completamente del. Cando lle fai falta algo de valentía sempre ten o apoio de Mehdi.

Que vos motiva a facer filmes infantís? AG: Nun principio, non previra escribir historias infantís. Tróuxome a animación, principalmente por motivos económicos. Pero coa primeira longametraxe que fixen con Jean-Loup (Felicioli), *Un gato en París*, descubrín que sexa para o público que sexa, o importante é o filme. Non por dirixirnos a un público infantil e mozo facemos un cinema inferior. Pola contra, sentimos que temos unha maior responsabilidade. Os nenos, nenas e mozas de hoxe en día son os espectadores e espectadoras do futuro. Se os forzamos a ver imaxes estridentes, cheas de cores, sen alma e deseñadas para chamar a súa atención, non debería sorprendernos que no futuro acaben vendo filmes nos seus teléfonos móbiles.

Como se vos ocorreu o personaxe do ourizo? JLF: As películas antigas de debuxos que se facían en Estados Unidos encantábanme de pequeno, sobre todo as de animación das décadas dos vinte e dos trinta do século XX. Para facer o personaxe do ourizo inspireime en Mickey Mouse, creado por Ub Iwerks. Parecíame que era unha oportunidade para axudar aos nenos e nenas a descubrir ou redescubrir todo o que tanto admiraba do estilo daquela época. Gústame como contrasta co noso mundo tan realista. Forma parte del pero non acaba de encaixar. Creo que ilustra dunha forma moi clara a idea de que está dentro da cabeza dunha nena e que, por tanto, é produto da súa imaxinación.